



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

---Documento: ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 24 DE AGOSTO DE 2009

---Contrato: OBRAS DE "CENTRALIZACIÓN, XESTIÓN E REDUCIÓN DO GASTO ENERXÉTICO NOS ALUMEADOS PÚBLICOS NA ZONA DE AVDA. DE SANTIAGO E GRAN VÍA"

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: 26 DE AGOSTO DE 2009

-Visto o expediente tramitado, de contratación das obras de "Centralización, xestión e redución do gasto enerxético nos alumeados públicos na zona de avda. de Santiago e Gran Vía".

-Visto que, dentro de prazo, presentaron solicitudes de participación CONSTRUCCIONES LEMOS MARTÍNEZ SL e ESINOR SISTEMAS SL.

-Visto que, ámbalas dúas empresas presentaban deficiencias na documentación administrativa presentada e, de conformidade coa normativa de aplicación, se lles concedera un prazo para a súa subsanación.

-Visto que, dentro do prazo concedido ó efecto, unicamente ESINOR SISTEMAS SL presentara a correspondente documentación complementaria subsanando os defectos da documentación administrativa presentada inicialmente.

-Visto que a oferta presentada por ESINOR SISTEMAS SL é a única presentada e axústase ós Pregos.

-Vista a fiscalización previa da Intervención municipal de data 21-08-09

-Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda punto 1 da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007.

ACORDAMOS:

1º.-Excluír definitivamente do procedemento de contratación das obras de "Centralización, xestión e redución do gasto enerxético nos alumeados públicos na zona de avda. de Santiago e Gran Vía", a CONSTRUCCIONES LEMOS MARTÍNEZ SL, por non subsanar no prazo concedido ó efecto, os defectos apreciados na súa documentación administrativa; a saber: o poder aportado non está bastanteado nin resulta bastante para que D. Víctor Manuel Martínez Rodríguez presente por si só a oferta; non acredita solvencia económica.

2º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de obras de "Centralización, xestión e redución do gasto enerxético nos alumeados públicos na zona de avda. de Santiago e Gran Vía", por importe de 147.697,10 euros, a ESINOR SISTEMAS SL, con arranxo ós Pregos e á súa oferta.

3º.-A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

---xustificación acreditativa de estar ó corrente das obrigacións tributarias e para coa Seguridade Social.

---certificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe/s correspondentes, no ámbito municipal, provincial ou nacional.

---xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

4º.-Notifíquese o presente Acordo ós licitadores e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do contratante.

A Estrada, 26 de agosto de 2009

O ALCALDE

Asdo.: José Antonio Dono López